

ESPERANZA GUISÁN IN MEMORIAM

O pasado 27 de novembro, deixounos Esperanza Guisán, a nosa querida primeira catedrática de Filosofía Moral. Xubilárese ao finalizar o curso 2009-10, mais continuara vinculada á USC como profesora Emérita e profesora-investigadora Ad Honorem e seguía a colaborar coa revista *Agora. Papeles de Filosofía*, á cal estivo ligada desde a súa fundación en 1981.

Esperanza levaba prestado servizos como profesora na universidade desde 1971, desde 1977 na USC, como catedrática desde 1988. Nesta universidade, pronunciou o discurso académico inaugural na solemne apertura do curso 2005-06, que titulou *De la útil inutilidad de la filosofía*. Alén diso, foi unha recoñecidísima investigadora, a nivel internacional, sobre o Utilitarismo en xeral e sobre John Stuart Mill en particular. Sobre estes temas, dirixiu proxectos de investigación e teses, escribiu artigos e libros, impartiu conferencias, participou en congresos, etc. Na actualidade, mantíñase activa como investigadora, dirixindo varias teses.

É autora de máis dunha decena de libros, tendo merecido as súas obras recensións e comentarios en publicacións e revistas de ámbito nacional e internacional. Os seus intereses non se limitan ao utilitarismo. Recordemos algúns dos títulos dos seus libros: *Los presupuestos dela falacia naturalista: una revisión crítica* (1981), *Aproximación analítica al pensamiento platónico*, con J. Vázquez (1982), *Como ser un buen empirista en ética* (1985), *Ética sin religión* (1983, 1993, 2009), *Razón y pasión en ética: los dilemas de la ética contemporánea* (1988, 2008), *Manifiesto hedonista* (1990, 2011), *Introducción a la ética* (1995, 2010), *La ética mira a la izquierda* (1992, 2004), *Más allá de la democracia* (2000), *Una ética de libertad y solidaridad: John Stuart Mill* (2008), de quen ademais traduciu *El Utilitarismo*. Son textos que interesaron a estudantes e profesores, a especialistas e ao público en xeral.

Esperanza foi unha figura polifacética, con moito prestixio nos ámbitos universitario, intelectual e cultural. Ten impartido cursos, seminarios e conferencias en centros universitarios españois e estranxeiros e en institucións privadas e públicas, así como escrito en prensa e participado en debates, mesas redondas, etc. Fundou, en 1991, a “Sociedad Iberoamericana de Estudios Utilitaristas (SIEU)”, da cal foi presidenta, e, ao ano seguinte, fundou *Télos. Revista Iberoamericana de Estudios Utilitaristas*, da cal foi directora. Ten despregado un amplísimo labor de difusión do Utilitarismo, así como da ética e o seu ensino, por todo o mundo hispano e lusófono, gozando dun amplo recoñecemento. Na revista *Agora. Papeles de Filosofía* foi directora, membro do consello de redacción, colaboradora. Lembramos, por exemplo, que en 2009 coordinou o nº28-1, monográfico sobre Simone de Beauvoir.

Irradiante e atraente, Esperanza léganos un ronsel de afecto, un impulso e un convite á procura da felicidade.

Agora. Papeles de Filosofía